

## **Manuel Rodríguez López, un bo e xeneroso a 1.000 quilómetros!**

É un verdadeiro orgullo e unha obriga participar neste vixésimo quinto aniversario do pasamento de Manuel Rodríguez López, un escritor e xornalista que soubo ser un bo e xeneroso a 1.000 quilómetros da súa Paradela natal.

O ter emigrado con tan só seis anos de Galiza e pasar a maior parte da súa vida en Catalunya non foi impedimento suficiente para que esquecera o seu amor pola lingua galega e pola súa terra. A súa obra en galego é moi prolífica e vai dende a prosa ata a poesía, dous xéneros que cultivou de xeito extenso e excelso.

Ademais das súas dotes para a poesía, tamén tivo tempo para desempeñar a labor de voceiro dos problemas e o día a día dos emigrantes galegos en Catalunya, unha comunidade que ten un peso importante en Barcelona e no resto do país catalán. A el lle foi encomendado o cargo de Cronista Oficial do Centro de Barcelona, un posto para o que xa tiña unha experiencia máis que notable, debido a que xa realizara de altofalante das actividades dos galegos en Catalunya, un traballo que mesmo desembocou en dous libros. Tamén contribuíu a que a difusión destas actividades fose máis ampla exercendo de correspondente en Barcelona de xornais como o Faro de Vigo ou El Ideal Gallego, así como coas súas habituais colaboracións con El Progreso, La Voz de Galicia ou Praza Maior, unha publicación do Concello de Lugo.

Por todas estas razóns está máis que xustificada esta homenaxe cando se cumpre un cuarto de século da súa prematura morte con tan só 55 anos. Un pasamento, que, posiblemente, nos privou da posibilidade de gozar de obras de Manuel de incluso un nivel moi superior, xa que estaba no cumio da súa carreira literaria. Así o testemuñan os múltiples premios que acadou na súa última década de vida, como o Nós de Barcelona, o Meigas e Trasgos de Sarria ou un que lle entregaron en Barakaldo.

Declarado Fillo Predilecto de Paradela tralo seu falecemento e Lucense do Ano no 1989, agardo que esta homenaxe e todo o traballo que se está levando a cabo dende o Proxecto Manuel Rodríguez López sirva para divulgar máis a vida e obra dun autor que aínda non é o suficientemente coñecido entre os galegos e as galegas.